


NÚMEROS – CORES

Textos de ANTONIO RUBIO

Ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS



Cartón duro a toda cor. 16 x 16 cm. 8,50 €/unidade.

-Galego:

Números: 14 páx. ISBN 978-84-8464-844-4.

Cores: 14 páx. ISBN 978-84-8464-845-1.

-Castelán:

Números: 14 páx. ISBN 978-84-92608-78-2.

Colores: 14 páx. ISBN 978-84-92608-79-9.

-Portugués:

Números: 14 páx. ISBN 978-989-749-018-7.

Cores: 14 páx. ISBN 978-989-749-017-0.

UN RATIÑO SÓ É ALGO CHORÓN.

SE DOUS ESTÁN XUNTOS É MOITO MELLOR...

[Fragmento de «Números»]

DESDE O RABO ATA O FOCIÑO

VISTEN DE AZUL TRES RATIÑOS...

[Fragmento de «Cores»]

Nestes dous libros de cartón para prelectores creados

por Leo Lionni, o poeta Antonio Rubio acompaña

as ilustracións do artista con sinxelos textos rimados

para prelectores, tecendo unha historia

que fía as sucesivas escenas.

No caso de «Números», os versos seguen a suma progresiva de personaxes e cifras ata completar, do 1 ao 10, un pequeno abano de situacións cotiás: amizade, xogos, ledicia...


En «Cores», os ratiños tinguense de azul, amarelo, verde, vermello ou gris, asociando esas transformacións a distintos elementos ou estados de ánimo.

Transcorreron tres décadas dende a creación destas obras

e as colaxes de Leo Lionni seguen sorprendendo

pola súa frescura, a coidada composición a base de distintas

texturas de papel, a expresividade e a empatía que lles transmiten aos lectores.



■ **Temática:** poemas sobre números e cores.

■ **Idade recomendada:** de 0 a 3 anos; pre-lectores.

■ **Aspectos destacables:** textos en maiúscula; rima; do autor de «[Frederick](#)», «[A casa máis grande do mundo](#)», «[Nadarín](#)», «[Pequeno Azul e Pequeno Amarelo](#)», «[O soño de Matías](#)», «[Álex e o rato de corda](#)», «[Paso a paso](#)», «[Cornelio](#)», e «[Unha cor propia](#)» (KALANDRAKA); do autor da colección *Do berce á lúa*, «[Juego de letras](#)», «[Números](#)», «[Cores](#)», «[Aurelio](#)», «[A merliña](#)», «[O poliño da abeleira](#)», «[Almanaque musical](#)», «[Las alas del AVEcedario](#)», «[7 Llaves de cuento](#)», «[Chofer de sandías](#)» e «[Cos brazos abertos](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance dos libros:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/numeros-g>

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/core-s-g>

Leo Lionni

(Amsterdam, 1910 - Toscana, 1999)

Doutorouse en Economía e, ao instalarse en Milán en 1931, entrou en contacto co deseño gráfico. Trasládouse oito anos despois a América, onde traballou nunha axencia de publicidade, na Corporación Olivetti e na revista *Fortune*. Como artista, as súas obras exhibíanse en galerías de Estados Unidos e Xapón. En 1959 publicou o seu primeiro libro infantil, «[Pequeno Azul e Pequeno Amarelo](#)», ao que lle seguiron máis de 40 títulos aclamados en todo o mundo pola crítica especializada. Escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

Antonio Rubio

(El Puente del Arzobispo, Toledo, 1953)

Mestre durante 40 anos e poeta que, ao seu labor docente e ás actividades en bibliotecas escolares, suma a paixón por ler e escribir. Participa en cursos de animación lectora e de formación do profesorado. Dirixe a colección de poesía *Trece Lúas* do selo FAKTORÍA K. É autor de numerosos libros, entre os que destacan a colección *Do berce á lúa*, «[Juego de letras](#)», «[Números](#)», «[Cores](#)», «[Aurelio](#)», «[A merliña](#)», «[O poliño da abeleira](#)», «[Almanaque musical](#)», «[Las alas del AVEcedario](#)», «[7 Llaves de cuento](#)», «[Chofer de sandías](#)» e «[Cos brazos abertos](#)» (KALANDRAKA).
<https://kalandraka.tv/gl/videos/antonio-rubio/>

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com